

POR SE PODE SER ÚTIL DENTRO DO ÁMBITO CATEQUÉTICO

(No Octavario pola Unidade dos Cristiáns)

“Érase que se era”

Vamos a contar “a historia da gran ECUMENE”, a gran casa de todos

Sabedes que cando veu Xesús ao mundo e comezou a anunciar a “Boa Nova” moitos homes e mulleres seguirono facéndose os seus discípulos; entre eles elixiu a 12, os seus apóstolos; a uns e outros ensinounos a mellor modo de ser felices; é dicir, vivindo o Evanxeo; faloulles do Amor, a Xustiza, a amabilidade, a honestidade, a integridade, o servizo, a fraternidade... Si, en amar, servir e vivir unidos porque temos un Pai común, Deus-Amor.

Con Xesús resucitado e o seu Espírito e a través dos Doce Apóstolos formouse unha familia que ao longo dos séculos chamóuselle a Igrexa, a Gran Ecúmene. Co tempo creceu tanto que empezou a haber diferenzas entre os fillos, os irmáns cristiáns: diferenzas culturais, políticas e dalgúns modos de entender e vivir a súa fe cristiá. Ata que un día os irmáns dividíronse en dous grandes grupos, e formáronse como dúas familias cristiás, a Igrexa Católica e a Igrexa Ortodoxa.

Séculos despois xurdiron diferenzas dentro da Igrexa Católica, non se poñían de acordo; as diferenzas eran unha vez máis políticas, culturais e relixiosas. E houbo novas separacións xurdindo outras familias cristiás: con outra organización e formulacións de vida; formáronse ao principio tres grupos novos e moitos máis despois... Luteranos, Anglicanos e Calvinistas... Pero non rematou todo aí; despois xurdiron desde elas outras familias e outras casas... ata que se multiplicaron tanto, que xa son máis de 500 Igrexas cristiás recoñecidas. É bo recordar que todos somos seguidores de Xesús; que todos queremos facer o que el nos ensina, e o que el desexa.

Así que Xesús que nos quere tanto a todos, invitounos a reunirmos noutra casa máis, e máis grande, chamada ECÚMENE ou ECUMENISMO, casa de todos, para que os católicos e os irmáns de todas as demais casas e familias cristiás se unan para facer o ben e vivir o amor.

Xesús quere que vivamos unidos; na última cea rezou por tres veces: **“Que sexan un no amor para que o mundo crea e sexa feliz”**.

Sabedes que nos nosos días somos millóns de cristiáns no mundo e, aínda que estamos divididos, con todo, hai catro realidades moi importantes que conservamos, que temos en común; cales son?

1. Bautizo para selar o que somos: fillos de Deus Pai amoroso.
2. A Cea do Señor, a eucaristía, alimento para construír un mundo fraterno.
3. A Palabra de Deus (na Biblia), para transformar e dar Vida á nosa vida.
4. Mesma misión; a construción do Reino: axudar a facer un mundo máis feliz.

Pois ben, agora vemos como hai moitas casas de cristiáns, que naceron todas da primeira familia universal, da primitiva comunidade cristiá; Xesús quere que estean unidas sobre todo no amor e no respecto mutuo. Todos somos irmáns. E o que podemos facer nós é que, mentres amamos a nosa Igrexa Católica, respectamos e facemos o ben ás outras igrexas cristiás, pedindo e orando pola unidade; desta forma amamos a Xesús e facemos o que el nos ensinou.

E que cousas podemos facer xuntos?

Rezar, si que podemos rezar pola unidade e pola paz e polo ben de todos. Tamén podemos ler e vivir xuntos a Palabra de Deus; e sobre todo podemos unirnos para axudar os necesitados, e construír estruturas locais e mundiais para que haxa máis xustiza e solidariedade; en fin, traballar pola construción do Reino de Deus. Facer verdade o que Xesús quere: **“Ser un no amor para que o mundo crea”**.

Posibles Actividades:

1.- Ler a narración e despois dialogar brevemente sobre o lido. Deixar que falen eles; se hai que aclarar algo pola nosa banda: que sexa breve e sinxelo.

2.- Construción dunha casa grande chamada ECÚMENE.

- Faise unha casa que se chama CATÓLICA.
- Fanse outras casas que se chamen: ORTODOXOS, ANGLICANOS, LUTERANOS, CALVINISTAS, EVANXÉLICOS... e que todas poidan ensamblarse coa casa católica e todas queden dentro da casa ECÚMENE, formen a gran casa Ecúmene.
- Despois pídesese que vaian dicindo: “Pola unidade dos cristiáns (ensamblan a casiña).
- E todos respondemos: Rogámosche Pai.
- E cada un vai pegando a súa casiña ás outras ata que todas queden unidas...
- E todos xuntos: dicimos “QUE SEXAMOS UN, COMO DEUS QUERE (Xn 17)”.
O amor e respecto, o traballar xuntos polo ben, apreciar o positivo etc... non debe estar en oposición co amor e a procura e defensa da Verdade na Caridade.